

# Accións formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B e C para persoas traballadoras desempregadas (2026 - 2027)

**TR301K** Información para alumnado

Prazo límite de execución das accións formativas  
**31 de marzo de 2027**

Apoio á formación nas especialidades formativas relacionadas no anexo III da convocatoria, para a adquisición e mellora de competencias profesionais con impacto no mercado laboral conducentes a unha formación total ou parcial incluída nun certificado profesional destinada a persoas desempregadas.



Orzamento 2026-2027  
**40.000.000 €**



## Persoas destinatarias da formación

- » Prioridade de **persoas traballadoras desempregadas inscritas como demandantes** no Servizo Público de Emprego de Galicia, con enderezo en Galicia e a **con situación laboral como non ocupada** referida á data de validación da acta de selección polas oficinas de emprego.
- » As persoas mozas **inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil**, sen necesidade de estar inscrita como demandante de emprego.
- » As **persoas demandantes de servizos previos ao emprego**.

As persoas alumnas desempregadas que **pasen á situación laboral de ocupada** durante a formación, **poderán continuar asistindo** sempre que haxa compatibilidade entre o horario formativo e o laboral para o **seguimento das actividades presenciais**.

- » As **persoas traballadoras ocupadas** con centro de traballo ou enderezo fiscal en Galicia, cos límites establecidos na convocatoria.

**As persoas traballadoras fixas descontinuas nos períodos de non ocupación e as persoas afectadas por ERTE, suspensión de contrato ou redución de xornada, non computarán como ocupadas.**

Acceso á convocatoria  
no DOG



[Pulsa ou escanea]



## Selección do alumnado

**FASE 1.** Obtención, pola entidade de formación, dun mínimo de alumnado comprometido a participar no curso

### Selección directa pola entidade de formación

- » Publicación da oferta en Diplos.
- » Priorizarase na selección ás persoas desempregadas que soliciten a participación a **través de Diplos** ou da **rede de oficinas de emprego**.
- » Na páxina <https://diplos.xunta.gal/diplos> pódese consultar a información das accións formativas que está previsto impartir na ofertas formativa.

**FASE 2.** Configuración do grupo definitivo de participantes e preparación do inicio da acción formativa

### Selección directa pola entidade de formación ou selección a través de oficina de emprego

**Diplos**

Lembra revisar periodicamente a oferta dispoñible en Diplos, xa que **se publicarán novos cursos ao longo de todo o ano.**



[Pulsa ou escanea]

# Accións formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B e C para persoas traballadoras desempregadas (2026 - 2027)



## Accións formativas

- » A acción formativa **está constituída polo contido específico** da especialidade formativa a impartir e polos **módulos formativos transversais**.
- » A formación poderá impartirse, de acordo co que estableza e autorice o correspondente programa formativo da especialidade, nas modalidades **presencial** ou **virtual** (teleformación).
- » Sen prexuíxo das excepcións que contempla a normativa reguladora, na modalidade presencial e na parte presencial da modalidade virtual, ou cando se desenvolva mediante aula virtual, o número de **horas por día** da acción formativa **non poderá ser inferior a 4 nin superior a 5**. O número de **horas semanais non poderá ser inferior a 20, nin superior a 25**.
- » Na **modalidade virtual**, o límite máximo de horas de formación a programar por mes natural será **de 120 horas**.
- » **Non está permitida** a realización das accións formativas no período de tempo comprendido **entre as 21:00 e as 8:00 horas**, e **non poderá impartirse formación en domingo ou día festivo**.



## Dereitos e deberes do alumnado

### Dereitos

- » A formación será **de balde** para todo o alumnado participante nestas accións formativas.
- » O alumnado desempregado **pode solicitar bolsas** e axudas para asistir á acción formativa.

Bolsas



### Deberes

- » Asistir e seguir **con aproveitamento** a impartición das accións formativas.
- » **Rexistrar a súa asistencia** mediante o uso daqueles sistemas de control autorizados que aplique a entidade.
- » **Facilitar a documentación** que lle requira a entidade e nos prazos establecidos.
- » Responder ao **formulario da enquisa de avaliación** da calidade ao remate da acción formativa.



## Formación en empresa

- » Os certificados profesionais correspondentes á **oferta de grao C** terán **carácter dual** e incluírán un período de **formación en empresa** no que se desenvolverá un conxunto de actividades dirixidas a **completar e reforzar** os resultados de aprendizaxe.
- » Nas accións formativas que inclúan formación en empresa o alumnado **deberá ter cursado previamente** a formación necesaria en materia de **prevención de riscos laborais**. Esta formación estará incluída como parte dos contidos a impartir na acción formativa.
- » A formación en empresa ou organismo equiparado **terá sempre natureza formativa e non laboral**.
- » A formación en empresa **deberá desenvolverse en centros de traballo cuxa actividade estea vencellada cos contidos** do certificado profesional.